



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ALLEAMENTO DE MADEIRA- EXPTE. 2024/C006/000001

Realizada a limpeza das marxes dos ríos e regatos existe unha cantidade madeira procedente dos traballos de retirada, a cal se estima preto de 200 toneladas, a cal é preciso retirar dos seus depósitos e proceder á súa venda.

Na data de 22 de decembro de 2023 publicouse un anuncio na páxina web municipal para que os interesados na súa adquisición presentaran oferta no prazo dos dez días hábiles seguintes. Rematado o prazo presentáronse tres ofertas.

Na data de 22-02-2024 ditouse a providencia da alcaldía pola que se dispuxo: *“Que polo técnico de medio ambiente se emita un informe relativo á cuantificación da madeira obxecto de enaxenación e sobre os prezos ofertados para determinar si se encontran ou non en prezos de mercado.”*

Polo técnico de medio ambiente emitiuse na data de 29-02-2024 o informe no que se cuantifica a madeira e o seu prezo de mercado, o cal é do seguinte teor literal:

*“ASUNTO: PREGO DE CONDICIÓNS VENTA MADEIRA EXPEDIENTE: 2024/C006/000001
LOCALIZACIÓN: Corme Aldea, Tella, Anllóns*

*ANTECEDENTES Como resultado dos traballos que se realizaron de limpeza e acondicionamento de canles de regatos e pistas forestais, o Concello de Ponteceso ten acumulada unha cantidade de madeira. Este servizo, calculou un volume aparente de 381,35 m³ que aplicando un coeficiente corrector de 0,75 resulta en 286,01 m³. Sendo madeira de frondosa de diferentes especies, cunha grande proporción de carballo (*Quercus robur*), estímase unha densidade media-alta para o cálculo de 700Kg/m³ polo que o peso aproximado resultante sería dunhas 200,21 t.*

Tales cifras son de orientación e non constitúen compromiso contractual, pola difícil cuantificación do volume real de material amontoado pola diversidade de especies de árbores, así como a heteroxeneidade de lonxitude e diámetros dos troncos e ramas. Existen 3 lotes divididos en 5 cúmulos de madeira, localizados en:

- 1. Aldea Corme, parcela 15069A081012350000PZ lindando co cruce entre a AC- 424 e a estrada dirección praia da Ermida.*
- 2. Tella, parcela 15069A174000350000LJ, acceso pola Avenida Bergantiños, (detrás da cafetería Royale Tym).*
- 3. Anllóns, no Boedo Grande veciñal, parcela 15069A001015090000PY na agra do Anllóns, nas inmediacións da granxa porcina. Detalle dos lotes de Tella e Anllóns.*

CLÁUSULA 1: PREZO DA MADEIRA E PROCESO DE ADQUISICIÓN En todo caso, o prezo da tonelada de madeira non será nunca inferior a 28 €. O lote enteiro será vendido para a oferta de maior contía económica, é dicir, que ofrezca un valor maior por peso (por exemplo €/tonelada).

Unha vez adxudicada a venda, procederase á pesar en báscula, nun serradoiro escollido polo



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

adxudicatario. Do resultado desa medición resultará o prezo final de adxudicación, multiplicando a cantidade medida polo prezo ofertado. Para dita operación en báscula será imprescindible a presenza de persoal funcionario do Concello, que confirme expresamente que o resultado das operacións realizadas se axustan a un procedemento rigoroso, que os datos son reais e que para elo se levaron a cabo as comprobacións que fosen necesarias.

CLÁUSULA 2: PRAZO DE RETIRADA DA MADEIRA, TRANSPORTE E DEPÓSITO O adxudicatario ten un prazo de 30 días hábiles para retirar a totalidade da madeira amontoada. En caso de forza maior ou por imposibilidade non asimilable ó adxudicatario, este pode solicitar unha prórroga expoñendo as causas que non lle permiten realizar as labores de retirada do material.

...

Na data de 14-03-2024 o TAX-coordinador xeral emitiu o seu informe, o cal conclúe do seguinte teor literal:

“...

As ofertas presentadas son as seguintes:

- 1. JOSÉ MÉNDEZ GÓMEZ, rexistro núm. 20240000000029 do 12-01-2024, oferta 20 €/TM máis IVE.*
- 2. MARCOS POSE PUÑAL, rexistro núm. 20240000000046 do 16-01-2024, oferta 25€/TM máis IVE.*
- 3. MADERAS BECERRA, SL, rexistro núm. 202499900000060 do 17-01-2024, oferta 32€/TM máis IVE.*

Considérase que consonte á valoración do técnico de medio ambiente, antes transcrita, o prezo de mercado non deberá ser nunca inferior a 28 €/TM, polo que á vista das ofertas presentadas, tanto a número 1, 20€/TM, como a 2, 25€/TM, deben ser rexeitadas por ser o prezo menor ao establecido como referencia, polo que cómpre adxudicar con urxencia a MADERAS BECERRA SL, no prezo ofertado de 32 €/TM, dado que a madeira está depositada desde hai máis de dous meses e o seu peso está a diminuír. A adxudicataria deberá presentar factura con IVE e proceder ao ingreso da contía resultante en función do peso que arroxe despois da súa pesada en báscula, nun serradoiro escollido polo adxudicatario, en presenza do técnico de medio ambiente, que redactará acta e unirá ao expediente. Do resultado desa medición resultará o prezo final de adxudicación, multiplicando a cantidade medida polo prezo ofertado, o cal será ingresado nas contas municipais no prazo de quince días naturais a partires da súa pesada.

O órgano competente para resolver será a alcaldía, en virtude das atribucións que lle outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

Antes da súa adxudicación deberase someter á fiscalización previa da intervención municipal.

Por todo o anterior, elevo a seguinte

PROPOSTA



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

PRIMEIRO.- Adxudicar *MADERAS BECERRA SL*, CIF B70434592, no prezo ofertado de 32 €/TM, máis IVE. A adxudicataria deberá presentar factura con IVE e proceder ao ingreso da contía resultante en función do peso que arroxen despois da súa pesada en báscula, nun serradoiro escollido polo adxudicatario, en presenza do técnico de medio ambiente, que redactará acta e unirá ao expediente. Do resultado desta medición resultará o prezo final de adxudicación, multiplicando a cantidade medida polo prezo ofertado, o cal será ingresado nas contas municipais no prazo de quince días naturais a partir da súa pesada, todo ilo de conformidade coa súa proposta.

SEGUNDO.- Publicar na sede electrónica municipal, notificar á adxudicataria, e dar conta á Tesourería municipal e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

Na data de 27-03-2024 a interventora emite o seu informe de fiscalización con desconformidade, o cal conclúe “*Sen efectos suspensivos. O tratarse de ingresos e de conformidade có artigo 216: “Cando a desconformidade se refira ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das entidades locais ou dos seus organismos autónomos, a oposición formalizárase en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá a tramitación do expediente”*”

Por todo o anterior, no uso das facultades que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Adxudicar **MADERAS BECERRA SL, CIF B70434592**, no prezo ofertado de **32 €/TM, máis IVE** o alleamento da madeira procedente da limpeza das marxes dos ríos e regatos, a cal se encontra depositada nas seguintes parcelas: Aldea Corme, parcela 15069A081012350000PZ lindando co cruce entre a AC- 424 e a estrada dirección praia da Ermida; Tella, parcela 15069A174000350000LJ, acceso pola Avenida Bergantiños, (detrás da cafetería Royale Tym); Anllóns, no Boedo Grande veciñal, parcela 15069A001015090000PY na agra do Anllóns, nas inmediacións da granxa porcina.

A adxudicataria deberá presentar factura con IVE e proceder ao ingreso da contía resultante en función do peso que arroxen despois da súa pesada en báscula, nun serradoiro escollido polo adxudicatario, en presenza do técnico de medio ambiente, que redactará acta e unirá ao expediente. Do resultado desta medición resultará o prezo final de adxudicación, multiplicando a cantidade medida polo prezo ofertado, o cal será ingresado nas contas municipais no prazo de quince días naturais a partir da súa pesada, todo ilo de conformidade coa súa proposta.

SEGUNDO.- Publicar na sede electrónica municipal, notificar á adxudicataria, e dar conta á Tesourería municipal e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

(Dou fe, aos efectos art. 3.2 RD 128/2018)
A secretaria



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
REL: MU2000/15

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado